

## **José Manuel Sande**

Concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento

Nacín na Coruña no ano 1972. Son programador cultural e escritor cinematográfico. Procedo do Centro Galego de Artes da Imaxe/ Filmoteca de Galicia, institución cultural adscrita á Xunta de Galicia, onde traballaba como persoal laboral dende inicios de 2006 na area de programación. Licenciado en Filoloxía Hispánica, acadei a Suficiencia Investigadora en Teoría da Literatura e Literatura Comparada e cursei un Master en Teatro e Cine. Posúo unha extensa traxectoria como escritor e xestor cultural, activista, docente e programador. Presente en publicacións especializadas e libros colectivos coas relacións entre arte-política ou cine-literatura como eixes, investiguei sobre documental e a historia do cine español. Fun guionista e produtor asociado do filme *Arraianos* (2012) de Eloy Enciso e intervín en proxectos de investigación académicos co cine como motor. Xurado en máis de vinte festivais cinematográficos, participo asiduamente en comisións de subvencións e bolsas a profesionais. Ponente galego no Foro de Culturas Ibéricas organizado pola Universidade de Oxford (2012), son membro da Asociación Española de Historiadores del Cine (AEHC), así como un dos fundadores de iniciativas de dinamización sociocultural como a canle de televisión por internet Galiza Ano Cero, o blog Acto de Primavera e a revista *Luzes*, de cuxo consello de redacción formei parte.